

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 04 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1022).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

A) EXPTE. 7938/111. SENTENZA DO TSXG NO REC. SUPPLICACIÓN 1755/2014, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA ESTIMATORIA DO X. SOCIAL Nº 5 DE VIGO, RECLAMACIÓN DE CANTIDADE DE D^a. M^a ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ (ENCARGADA DE OBRAS DO

PROXECTO UTIL: XGL 19/05/2008). DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

B) EXPTE. 8230/111. SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4 REFORZO-.PROC: 1042/2013 (EXTINCIÓN RELACIÓN LABORAL) DEMANDANTE: D^a.- MARIA ASUNCION PEREZ GONZALEZ. SENTENZA Nº 440 DO 30 DE XUÑO DE 2015. ESTIMADA PARCIALMENTE A DEMANDA.

C) EXPTE. 7975/111. SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO REC. SUPPLICACIÓN DO 4099/2013 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA ESTIMATORIA PARCIAL DO X.DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO, (DEREITO E CANTIDADES DE D^a BEGOÑA BUJAN OTERO). DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

D)EXPTE. 8000/111. SENTENZA DO TSXG NO REC. SUPPLICACIÓN 3341/2014, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO X. SOCIAL Nº 4 DE VIGO (DEREITO E CANTIDADES DE D^a VERÓNICA COSTAS RODRIGUEZ). DESESTIMADO O RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

E) EXPTE. Nº9193/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 281/2015 P.A. DEMANDANTE: CONTENUR S.L. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 02/04/2015 (E 09/03/2015 EN REPOSICIÓN). RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA (IMPUTACIÓN Á CONTRATISTA, DESPRAZAMENTO DO COLECTOR RSU- EXP: 4089/243). DESESTIMADO O RECURSO.

F) EXPTE. Nº 9140/111. SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 212/2015 P.A. DEMANDANTE: JOSE R. GONZALEZ MARTINEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 02/24/2015 (EN REPOSICIÓN).SANCIÓN TRÁFICO (EXP: 138689415). DESESTIMADO O RECURSO.

G) EXPTE. Nº9165/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 268/2015 P.A. DEMANDANTE: M^a BLANCA FREIRE RIVAS. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 11.03.2015, RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA (DANOS AUTOMÓBIL BACHE RÚA DA PASTORA- EXPTE: 4302/243). DESESTIMADO O RECURSO.

H) EXPTE. Nº3739/111. SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN 4225/2015 INTERPOSTO POR ELOYMAR Y TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, UTE CONTRA SENTENZA DESESTIMATORIA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 64/2007 P.O. (E 217 E 452/07 ACUMULADOS). TARIFAS APARCADOIROS MUNICIPAIS (LEI 44/2006: APLICACIÓN DO FIN DA TARIFICACIÓN POR HORAS). DESESTIMADA A APELACIÓN.

H) EXPTE. Nº 8637/111. SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 127/2014 P.O. DEMANDANTE: D^a M^a SOL RIVEIRO RODRIGUEZ. OBXECTO: DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE SOLICITUDE. MOLESTIAS POLO USO DEPORTIVO DE ESPAZO LIBRE, OIA. DESESTIMADO O RECURSO.

I) EXPTE. 8783/111. SENTENZA DO X. SOCIAL Nº 2 REFORZO VIGO. PROCEDEMENTO ORDINARIO 845/2014 (CANTIDADES FAS). DEMANDANTE: D. MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. OBXECTO: RP DO 6 DE XUÑO DE 2014, RESOLUCIÓN DA X.G.L DO 29 DE AGOSTO DE 2014. AXUDA SOCIOANITARIA, FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. DESESTIMADA A DEMANDA.

K) EXPTE.9197/111. AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 286/2015 P.A. DEMANDANTE: HERMANS SYSTEMS S.A. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 3 DE MARZO DO 2015. SANCIÓN TRÁFICO (EXP: 148677430). DECLARA A CADUCIDADE O RECURSO.

L) EXPTE. 8776/111. SENTENZA DO X. DO SOCIAL Nº 3 VIGO. PROCEDEMENTO ORDINARIO 848/2014 (CANTIDADES FAS) DEMANDANTE: D^a SUSANA GONZALEZ TORRES. OBXECTO: RP DO 6 DE XUÑO DE 2014, RESOLUCIÓN DA X.G.L DO 29 DE AGOSTO DE 2014. AXUDA SOCIOANITARIA, FONDO DE ACCIÓN SOCIAL-2014. ESTIMADO O RECURSO.

M) EXPTE. 9176/111. AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 278/15 P.A. DEMANDANTE: D^a ALEJANDRO RIAL CALVAR. OBXECTO: SILENZO ADMINISTRATIVO (RESOLUCIÓN DO 5-6-2015). RECLAMACIÓN PATRIMONIAL ADMINISTRATIVA (EXPTE. 4347/243) DECLARA A CADUCIDADE DO RECURSO.

N) EXPTE. 9056/111. AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 101/2015 P.O. DEMANDANTE: IC GOMEZ ULLA SL. OBXECTO:XGL DO 05/12/2014 (EN RELACIÓN CON XGL DO 02/11/2012). ORDE DE EXECUCIÓN EN RELACIÓN CON CONTRATO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO R/CORUÑA. DECLARA A CADUCIDADE DO RECURSO.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda informada.

2(1023).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE POLÍTICA DE BENESTAR DURANTE OS MESES DE MAIO-XULLO 2015. EXPTE. 115218/301.

Dáse conta do informe de contratos menores de data 25/08/2015, da técnica de Servizos Económicos do servizo de Benestar Social:

“Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: maio-xullo de 2015

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
14/05/15	RENOVACION RDE SANEAMENTO CIIES	2120002	201500030625	12009,25	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN & SERVICIOS, S.C
01/07/15	TRATAMIENTO DESINSECTACION	2219900	201500042942	2063,15	SUMINISTROS PUNTO FIJO
29/06/15	MODULO XIESS	2279900	201500038922	8085,22	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
17/06/15	SOPORTE HORAS ASISTENCIA XIESS	2279900	201500039082	21671,1	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
29/05/15	3 OBRADOIROS PREVENCIÓN DROG	2279906	201500034400	900	ASOC. ALBORADA
29/05/15	9 CHARLAS PROGRAMA PREVENCIÓN DROG	2279906	201500034401	1200	ASOC. ALBORADA
27/05/15	FORMACION EN PREVENCIÓN DROG	2279906	201500034403	1800	ASOC. AMAINA
27/05/15	2 PROGRAMA PREVENCIÓN DROG. PENELOPE	2279906	201500034404	3750	ASOC. AMAINA
27/05/15	4 PROG. FORMACION PREVENCIÓN DROG.	2279906	201500034405	3600	ASOC. ERGUETE
27/05/15	2 CHARLAS PREVENCIÓN DROG.	2279906	201500034406	250	ASOC. AMAINA
27/05/15	1 CHARLA PROG. MAIS QUE UN TEITO	2279906	201500034407	125	ASOC. ALBORADA
27/05/15	PROGR. INFORMACIÓN -SENSIBILIZACIÓN DROG	2279906	201500034408	600	ASOC. ALBORADA
29/05/15	12 OBRADOIROS PROG. PREVENCIÓN DROG	2279906	201500034409	3675	ASOC. ERGUETE
29/05/15	5 CHARLAS PROG. PREVENCIÓN DROG.	2279906	201500034410	625	ASOC. ERGUETE
29/05/15	6 CHARLAS INFORMACIÓN-SENSIBILIZACIÓN DROG.	2279906	201500034411	600	ASOC. ERGUETE
29/05/15	PROGR. PREVENCIÓN DROG. PENELOPE	2279906	201500034412	1875	ASOC. ALBORADA
29/05/15	PROGR. PREVENTIVO CAMBIO DE SENTIDO	2279906	201500034413	300	ASOC. ERGUETE
29/05/15	2 OBRADOIROS PROG. PREVENCIÓN DROG.	2279908	201500036924	600	ASOC. ERGUETE
01/07/15	DESEÑO CABECEIRA PAXINA WEB PLDA	2279908	201500043407	181,5	JULINDA MOLARES CARDOSO
25/05/15	PROGR. DIVIRTETE NO VERAN	2279909	201500033241	18000	ASOC. XUVENIL ABERTAL
25/05/15	PROGR. VERAN DO LECER	2279909	201500033903	13000	ASOC. SAN FRANCISCO
11/06/15	DISPOSITIVO ACCESIBILIDAD PRAIAS	2279909	201500037360	16200	CRUZ ROJA ESPAÑOLA - A. C. VIGO
29/06/15	TRANSPORTE PROG. LECER NO VERAN	2279909	201500039497	3300	SDAD COOP. GALEGA RADIO-TAXI
01/07/15	OBRADOIRO COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2	2279909	201500042865	14794	RADIO ECCA

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(1024).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DOS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS- ACCESO A BALAIOS TEMPADA 2015-2016. EXPTE. 14309/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 12/08/15, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o informe xurídico do 14/08/15 e o de fiscalización do 27/08/15, dáse conta do informe-proposta do 01/09/15, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“Examinadas as observacións detalladas no informe da Intervención do Concello de data 27/08/2015, que sinala que é necesario que “No informe-proposta se corrixa o título do expediente que está referido ao expediente do exercicio económico anterior”, procedeuse a súa corrección, , quedando a proposta reformulada como segue:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONÓMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SEU ACCESO AO ESTADIO DE BALAÍDOS PARA PRESENCIAR, DESDE A DENOMINADA GRADA DE FONDO DO ESTADIO, OS PARTIDOS QUE DISPUTARÁ O REAL CLUB CELTA DE VIGO NA PRESENTE TEMPADA 2015-2016 DA DIVISIÓN DE HONOR DE FÚTBOL, NAS COMPETICIÓN S DE LIGA E COPA.

- 1. A labor de fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, atopase vinculada directamente na proposta de facilitar a presenza dos máis desfavorecidos economicamente en competicións futbolísticas de alto nivel. En relación a esta actuación o Concello de Vigo desenvolveu durante a tempada 2014/15 este proxecto en colaboración co RCC, cunha resposta social moi grande, posibilitando que deste xeito poiderán acceder ao estadio e presenciaren sen custe algún os partidos de Liga disputados polo Real Club Celta de Vigo, SAD.*
- 2. O Real Club Celta de Vigo, SAD, institución deportiva fundada no ano 1923 é o equipo de máis relevancia e representativo da cidade de Vigo, e como tal identifícase como un motor de desenvolvemento da afección dos vigueses ao deporte; terreo no que realiza unha importante labor, cun intenso esforzo deportivo e lúdico, que se estende a meirande parte da cidadanía viguesa.*
- 3. En relación a dito proxecto e de acordo coas memorias de execución, o Concello de Vigo atendeu este programa distribuindo as devanditas entradas nos seguintes termos:*
 - 1.300 distribuídas a través da Federación de Asociacións de Nais e Pais (FOANPAS) entre os escolares dos colexios públicos de educación primaria da cidade e os seus acompañantes maiores de idade.*
 - Trinta e cinco entradas (35) distribuídas entre persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade.*
 - Dúascentas corenta e cinco entradas (245) distribuídas entre persoas en situación de desemprego.*
 - Vinte entradas (20) entre voluntarios do Concello de Vigo que realizarán funcións de acompañamento, información, correcta ubicación dos asistentes e atención a boa orde da grada.*
- 4. O Real Club Celta de Vigo, SAD ven de presentar con data 11 de agosto un escrito para o desenvolvemento dun proxecto de colaboración coa finalidade da promoción deportiva do fútbol a través da adquisición das entradas da grada de “gol” do estadio de Balaidos para a totalidade dos partidos de fútbol a desenvolver durante a tempada 2015/2016. Dita proposta ascende a cantidade total de 153.670,00 €, (ive incluído de 26.670,00 €).*

Dita proposta concorda co interés do Concello de Vigo en promover o deporte, e o fútbol en particular, como tal e como actividade de ocio tanto entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, como entre personas economicamente desfavorecidas. Esta proposta contempla a posibilidade de continuar coa acción de fomento do deporte mediante a adquisición de 1.600 entradas dá Grada de Fondo (GOL) para cada un dos partidos que o RCC disputará no estadio municipal de Balaidos durante a tempada 2015/2016, tanto para a competición de LIGA, como para a competición de COPA, e outros partidos de amistosos durante a tempada deportiva.

Polo exposto tendo en conta que como mínimo se celebrarán 20 partidos, o número de entradas a adquirir serán 32.000; que polo prezo total de 153.670,00 €, fan unha estimación dun prezo unitario por entrada de 4,80 €. -IVE incluído-.

- 5. Os partidos incluídos na proposta son todos os qque dispute o RCC na tempada 2015/2016, vinculados as competicións de LIGA e COPA, polo cal estimase un mínimo de 20 partidos, ademais de outros encontros de carácter amistoso que poda desenvolver o RCC en Balaidos dentro do ámbito da propia tempada ou pretempada deportiva 2015/2016.*
- 6. A adquisición polo Concello de Vigo das entradas (32.000) para a “Grada de Fondo” do estadio municipal de fútbol de Balaidos coa finalidade de promover o deporte e o fútbol en particular como deporte e como actividade de ocio entre os colectivos arriba indicados se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ao Ente público; actividade de fomento que, en relación coas Corporacións locais de Galicia se recoñece no artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia; e dentro desta na categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de junio, de Subvencións de Galicia, de acordo co disposto nas disposicións adicionais quinta e terceira das devanditas Ley Xeral de Subvencións e de Subvencións de Galicia e artigo 3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Ley Xeral de Subvencións, por canto se trata de entradas para a obtención dun servizo —espectáculo deportivo—, que se adquiren coa finalidade exclusiva de entregalas a terceiros que haberán de cumprir os requisitos establecidos nas letras a), b) e c) do artigo 2.1 das ditas leis xeral e galega de subvencións.*
- 7. E isto, por canto, a Administración municipal, de acordo co artigo 25.2.I da LRBRL, na nova redacción dada pola Ley 27/2013, de 27 de diciembre, ten atribuída, entre outras, competencia en materia de promoción do deporte e a ocupación do tempo libre; porque a adquisición das entradas o é para para para o exercizo desta competencia de promoción do deporte —neste caso o fútbol— e o fomento de adecuadas actividades de ocio —sexa o deporte practicado ou o deporte presenciado— entre os colectivos indicados; porque o exercizo desta competencia de fomento entre os colectivos a que se dirixe a actuación considérase de interés social toda vez que o fútbol profesional é, hoxe en día, un fenómeno social plenamente incorporado dentro do gran espectro do ocio, cunha gran capacidade*

para transmitir e promover os valores que o deporte encarna como son a saúde física, o esforzo, a paciencia, a superación, a deportividade, o traballo en equipo ou o éxito persoal e colectivo; porque a promoción da practica do deporte e os seus valores entre a poboación escolar e os colectivos de discapacitados, aos que na súa meirande parte se dirixe a subvención, a vez que se promove entre os mesmos unha adecuada actividade de ocio —sexa, segundo vai dito, o deporte practicado ou o deporte presenciado— enténdese que reviste a nota de interés público que ampara a concesión da subvención e, en fin, porque promover un espacio de ocio da maior calidade, aínda que sexa ocasionalmente, a favor personas que non poderían ter acceso a el por razón da súa situación económica considérase tamén, tanto pola súa entidade como porque tal acción supón a remoción do obstáculo económico que provoca a desigualdade no acceso ao mesmo, unha actuación proporcionada amparada polo interés público necesario para xustificar a subvención a éstes.

E, por último, porque é o nivel da competición na que milita o Real Club Celta e a importancia dos espectáculos deportivos que se celebran no estadio de Balaídos o que posibilita a consecución dos obxectivos que persigue a acción de fomento que nos ocupa.

- 8. O procedemento de concesión da subvención será o de concorrencia competitiva, nos termos que se conteñen nas bases reguladoras que figuran no anexo da presente proposta de acordo.*
- 9. O prezo proposto polo Real Club Celta de Vigo, SAD para a adquisición das entradas é conforme aos prezos de mercado para as entradas a que se refire a oferta.*
- 10. Con todo, a oportunidade desta medida de fomento e, daquela, a adquisición das entradas ofertadas polo Real Club Celta de Vigo, SAD, deberá ser valorada pola Xunta de Goberno Local, no exercizo da súa función de goberno municipal, canto as competencias que a Ley de Bases do Réxime Local lle atribúe, como é a que nos ocupa, e dos principios de eficacia na consecución dos obxectivos propostos e eficiencia na asignación dos recursos públicos.*
- 11. Para o caso de que a Xunta de Goberno Local considere procedente acometer a dita medida de fomento procederá a adopción do seguinte*

Previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, procede o informe xurídico previo e tamén debe emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Por último, para o caso de que a Xunta de Goberno Local considere procedente acometer a dita medida de fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, vinculada directamente na proposta de facilitar a presenza destes colectivos, en competicións futbolísticas de alto nivel procederá a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria da subvención para o fomento dos valores sociais do deporte como actividade deportiva e de ocio entre a poboación escolar e colectivos de discapacitados, para faciliatr a asistencia destes colectivos, ao estadio de Balaídos para presenciar, desde a denominada grada de Fondo do estadio, dos partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2015-2016 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA e COPA. As bases reguladoras e convocatoria que figuran como anexo al presente acuerdo.

Segundo.- Iniciar co dito obxecto as actuacións conducentes á adquisición ao Real Club Celta de Vigo, SAD de 1.600 entradas por partido para á Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para que os beneficiarios da subvención podan presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2015-2016 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, a cuxo fin autorizarase, coa aprobación do expediente de contratación, a favor do Real Club Celta de Vigo, SAD, o gasto de 153.670,00 euros, dos que 26.670,00 corresponden ao IVE, con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" para facer fronte ao gasto, coa seguinte distribución anual:

- 2015: 69.151,50 €. (iva incluído).
- 2016: 84.518,50 €. (iva incluído).

Terceiro.- Publíquense as devanditas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e en la página web del Ayuntamiento de Vigo."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONÓMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SEU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIÓDOS PARA PRESENCIAR, DESDE A DENOMINADA GRADA DE FONDO DO ESTADIO, OS PARTIDOS DO REAL CLUB CELTA DE VIGO A CELEBRAR NO ESTADIO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BALAIÓDOS DURANTE A TEMPADA 2015-2016 NAS COMPETICIÓN DE LIGA DA DIVISIÓN DE HONOR DE FÚTBO E COPA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS.

O obxecto da subvención a que se refiren as presentes bases e convocatoria é a de fomentar os valores sociais do deporte, e o fútbol en particular, como actividade de ocio, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e personas económicamente desfavorecidas, facilitando a estes colectivos o acceso ao estadio de Balaídos para presenciar os partidos que o Real Club Celta de Vigo desenvolverá na presente tempada 2015-2016, correspondentes a competición de Liga na División de Honor da Liga de Fútbol Profesional, e na competiciónde COPA, así como de outros partidos de carácter amistoso, mediante a entrega gratuíta da entrada ao estadio.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

A entrada ao estadio para a denominada Grada de Fondo.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDAD DAS SUBVENCÍONS.

A presente subvención será incompatible con calquera outra otorgada para sufragar o mesmo custe.

CUARTA.- CONTÍA TOTAL DAS SUBVENCÍONS E CONTÍA INDIVIDUALIZADA DE CADA ENTRADA.

A cantidade máxima que se destinara a estas axudas será de 153.670,00 euros, dos que 26.670,00 € corresponden ao IVE das entradas a adquirir pola compra das mesmas. O gasto realizarase con cargo a la aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios". De acordo coa seguintes distribución anual correspondente o propio calendario de competición:

- 2015: 69.151,50 €. (iva incluído).*
- 2016: 84.518,50 €. (iva incluído).*

Tendo en conta o importe global das entradas, así como o número mínimo de partidos que se vinculan a este proxecto, a contía estimada por entrada correspondese co seguinte importe:

1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos. O prezo estimado dunha entrada e de 4,80 €, iva incluído.

QUINTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a distribución das entradas será o de concurrencia competitiva do artigo 19 da Ley 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa excepción prevista no seu apartado 2º, habida conta a natureza da axuda.

SEXTA.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios desta axuda os escolares dos colexios públicos de educación primaria e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade; as personas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade en canto acompañantes e exclusivamente en tal calidade, así como as personas en situación de desemprego.

SÉTIMA.- OBLIGACÍONS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigacións dos beneficiarios das subvencións, ademáis das previstas nas presentes Bases y Convocatoria e das sinaladas no artigo 11 de la Lei de subvencións de Galicia, no que resulte procedente habida conta da especial natureza desta axuda, as que seguen:

- As entradas que se faciliten son personais polo que non poderán ser transferidas en ningún caso polo beneficiario. No caso de que unha vez obtida se prevea que non se poderá facer uso dela deberá devolverse ao Concello de Vigo para a súa asignación conforme aos criterios de adxudicación que se conteñen na base seguinte. Non obstante, as entradas de acompañante poderán ser utilizadas tanto polas personas maiores de idade que accedan ao estadio en calidade de acompañantes dos escolares de educación primaria, discapacitados psíquicos e menores acollidos, como por*

escolares de educación primaria que non dispoñan de entrada de escolar beneficiario ou escolares de educación secundaria non beneficiarios.

- *As entradas gratuitamente entregadas en ningún caso poderán ser vendidas. A eventual venta dunha destas entradas será considerada como infracción moi grave.*

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A distribución das entradas realizarase nos termos que seguen:

Do número total de entradas, mil trescentas (1.300) distribuiranse entre os escolares dos colexios públicos de educación primaria da cidade e os seus acompañantes maiores de idade.

Trinta e cinco entradas (35) serán distribuídas entre persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade.

Dúascentas corenta e cinco entradas (245) serán repartidas entre persoas en situación de desemprego.

As vinte entradas (20) entradas restantes repartiranse entre voluntarios do Concello de Vigo que realizarán funcións de acompañamento, información, correcta ubicación dos asistentes e atención a boa orde da grada.

A distribución das entradas pola Administración municipal entre os escolares de educación primaria realizarase por turno entre os distintos colexios públicos do termo municipal, coa colaboración da FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca), entre os escolares que o soliciten dos distintos colexios públicos. O reparto entre os distintos colexios públicos o será en proporción ao número de alumnos matriculados. Cando nun concreto colexio o número de escolares solicitantes sexa inferior ao número de entradas que lle correspondan polo número de alumnos matriculados, as entradas non distribuídas se asignarán aos colexios que se atopen en situación inversa. Esta asignación farase en proporción ao número de alumnos matriculados nos mesmos. Cando nun concreto colexio exista maior número de alumnos solicitantes que entradas disponibles, a distribución farase por sorteo. O sorteo fixará a prelación dos alumnos a efectos de obter entrada. Os alumnos que queden privados de entrada no sorteo terán dereito a recibir, pola súa orde de prelación, as entradas non distribuídas noutros colexios.

A distribución de entradas entre as persoas afectadas por discapacidades psíquicas e menores residentes en centros de acollida e os seus acompañantes maiores de idade farase a petición das asociacións máis representativas destes colectivos entre as persoas afectadas por algunha discapacidade e menores acollidos que as ditas asociacións propoñan, acreditando a identidade do beneficiario, a discapacidade que padece e a situación de acollemento do menor. O reparto seguirá os criterios de rotación, proporcionalidade e sorteo sinalados en relación cos escolares de educación primaria.

Canto as persoas en situación de desemprego, a distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserxería, acreditando tal condición.

Cando a demanda de cada un dos concretos colectivos beneficiarios da subvencións sexa menor da proposta contemplada nesta cláusula, as entradas non entregadas serán repartidas entre os outros colectivos desta convocatoria con maior demanda.

NOVENA.- PLAZO.

A Administración municipal, ao luns seguinte ao fin de semana no que se dispute un partido de fútbol no estadio de Balaídos, iniciará as actuacións conducentes a determinar os colexios públicos entre os que se distribuirán as entradas e os alumnos entre os que se repartirán estas, conforme aos criterios de adxudicación sinalados na base oitava, a cuxo fin solicitarase colaboración da FOANPAS.

No mesmo día iniciaranse as actuacións necesarias para determinar as personas con discapacidade psíquica e os menores acollidos en centros de acollida aos que se repartirán as entradas, solicitando ao efectos coa antelación suficiente informe das asociacións representativas dos ditos colectivos.

As personas en situación de desemprego, poderán solicitar a entrada a partir do martes de semana na que se xogue o partido no estadio de Balaídos. A distribución das entradas farase a cada unha destas por orden de solicitude presencial no departamento municipal de Conserjería, acreditando tal condición.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN.

Os solicitantes de entrada gratuita ao estadio ou, no seu caso, os seus representantes deberán acreditar, segundo corresponda, a condición de escolar de educación primaria do colexio a que por turno corresponda o reparto de entrada, a discapacidade padecida, a residencia en centro de acollida de menores e no seu caso para os parados a condición de desempregado.

Os maiores acompañantes e os desempregados deberán asinar declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, de acordo co modelo que lle será facilitado polo Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDAD.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.- A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no Botetín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMO SEGUNDA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA LA INSTRUCCIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A ADQUISICIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS ENTRADAS.

A Concellería de Deportes será la encargada da instrucción do procedemento para a adquisición e distribución das entradas entre os posibles beneficiarios e realizará de oficio, para cada partido a disputar no estadio de Balaídos, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtud dos cales deban distribuírse aquelas. Realizadas as actuacións pertinentes para a determinación dos beneficiarios das entradas nos prazos sinalados na base novena, o Concelleiro delegado de deportes resolverá a entrega das entradas en favor dos beneficiarios que no procedemento se determinen.

DÉCIMO TERCEIRA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que da subvención será comprobada pola Concellería Delegada de Deportes, cuxo Xefe de Servicio recabará informe do Real Club Celta de Vigo, SAD en relación cos devanditos extremos e emitirá informe

ao respecto facendo constar todas aquelas circunstancias relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- OBLIGACIÓN DE INFORMACIÓN.

Os beneficiarios deberán facilitar toda a información que lles sexa requerida pola Administración municipal en relación coa actividade subvencionada e a utilización da entrada entregada.

DÉCIMO QUINTA.- REINTEGRO DE LAS SUBVENCIONES. RÉGIMEN DE INFRACCIONES Y SANCIONES.

Reintegro de las subvenciones.

Procederá el reintegro do prezo da entrada recibida e a exigencia dos xuros de mora correspondientes desde o momento da entrega da entrada ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da entrada falseando as condicións requeridas ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Transmisión gratuita ou onerosa da entrada recibida.
- c) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións municipais de comprobación e control.

Infracciones y Sanciones.

As infraccións e sancións en que poderán incurrir os beneficiarios desta axuda serán, no que resulte procedente, habida conta as particularidades da presente acción de fomento, as previstas no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A cesión gratuita da entrada será considerada como infracción grave e, amais do reintegro do prezo, será sancionada con multa pecuniaria do tanto ao dobre do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

A cesión por prezo da entrada gratuitamente recibida será considerada como infracción moi grave e, amais do reintegro do prezo da entrada, será sancionada con multa do triplo do prezo de venda ao público da entrada para a Grada de Gol no concreto partido de que se trate.

O procedemento para a apreciación das mesmas e imposición das sancións procedentes será o establecido no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEXTA.- TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

Os datos persoais das solicitantes e, no seu caso, os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións, obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os devanditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e Real decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD. O responsable do seu tratamento será o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, agás excepcións legais ou por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal de acordo co establecido no artigo 10 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Os beneficiarios e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos termos previstos na citada Lei 15/1999.

DÉCIMO SÉTIMA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese, ademais de polas bases reguladoras que nela se conteñen, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento desta última norma, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as bases de execución dos orzamentos do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.”

4(1025).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS Á XESTIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, DAS TAXAS DE LIXO COMERCIAL E VADOS. EXPTE. 2177/500.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/07/15 e o de fiscalización do 25/08/15, dáse conta do informe-proposta da xefa do servizo de Inspección de Tributos do 25/08/15, conformado pola directora de Ingresos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSPP).

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 12 de maio de 2015 a Concelleira Delegada de Economía e Facenda acordou iniciar o expediente dun contrato maior de servizos para a contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, de servizos complementarios á xestión do padrón de vehículos e o padrón de lixo comercial e vados.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación asinado pola Directora de Ingresos de data 12 de maio de 2015.
- Resolución da Concelleira Delegada de Economía e Facenda de data 12 de maio de 2015 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) redactado pola Directora de Ingresos e asinado con data 22 de xuño de 2015, así como a memoria xustificativa do contrato da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 30 de xuño de 2015 no que se manifesta que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación dos “Servizos complementarios á xestión dos padróns fiscais do imposto de vehículos de tracción mecánica, das taxas de lixo comercial e vados, polo procedemento aberto”, asinado pola xefa do servizo de contratación en data 10 de xullo de 2015.
- Informe de data 10 de xullo de 2015 ao prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Titular da Asesoría Xurídica no que se informa “que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito, sen prexuízo do que poida resultar do seu exame pola Intervención municipal”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De acordo co disposto no artigo artigo 109.1 do TRLCSP, o expediente de contratación iníciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por Acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2014 nos concelleiros de Area. A Concelleira de Economía e Facenda en resolución de 12 de maio de 2015 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente constan, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola Directora de Ingresos con data 22 de xuño de 2015, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa do Servizo de Contratación o 10 de xullo de 2015.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do RDL 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o TRLCSP , en relación coa Disposición Adicional Segunda, apartado 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, Disposición Adicional Oitava apartado e) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, a titular da Asesoría Xurídica emite informe preceptivo con data 10 de xullo de 2015.

Quinto.- No artigo 109.3 e apartado 8 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP se establece que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, o incorporará a Intervención Xeral previo á aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición Adicional Segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP), e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar o gasto de 60.000 euros IVE incluído, no presuposto de 2016 con cargo á partida 9320 2279900 "Asistencia Técnicas Xestión de Ingresos".
2. Aprobar o expediente de contratación dos "Servizos complementarios á xestión dos padróns fiscais do imposto de vehículos de tracción mecánica, das taxas de lixo comercial e vados, polo procedemento aberto", que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 22 de xuño de 2015 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 10 de xullo de 2015.
3. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1026).- PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL "VIGUESAS DE RECICLAJE S.A." PARA A SÚA PRESENTACIÓN AO PROGRAMA DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO (ILES) DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. EXPTE. 12166/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27/08/15, do xefe do servizo conformado polo concelleiro-delegado de Emprego que di o seguinte:

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado **“Iniciativas Locais de Emprego”** (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial **Viguesa de Reciclaje S.A.** con enderezo en Vigo, promovido e presentado por D. Daniel Moa González en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- O proxecto empresarial **“Viguesa de Reciclaje S.A.”** é **innovador** na área de Vigo, e consiste nun establecemento autorizado de tratamento de residuos.
- Enorme potencial da actividade empresarial, enmarcada dentro dun sector en crecemento e con enormes perspectivas de futuro coa conseguinte creación de emprego.
- Innovador sistema de trazabilidade Wee Trace (procedemento), elemento clave para rentabilizar as posibilidades do sector, que ten como obxecto asegurar a trazabilidade dende a orixe ó destino final do fluxo de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE) mediante o uso de tecnoloxías avanzadas de información e comunicacións.
- Previsión de creación de oito postos de traballo directos.
- A empresa terá o seu domicilio social no Polígono Industrial de Miraflores, e adoptará a forma xurídica de **Sociedade Anónima**.

“Viguesa de Reciclaje S.A.” é unha iniciativa empresarial innovadora, donde o proceso a realizar dentro da zona productiva das instalacións (nave industrial) da empresa basearase no desmontaxe e clasificación dos residuos, non producíndose transformación nas propiedades físicas ou químicas.

A empresa precisa dun investimento inicial de 225.000 €, sendo a financiación recursos propios dos socios 60.000 €, en financiación allea que podría provenir de inversores particulares o préstamos bancarios.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analízalo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado **“Viguesa de Reciclaje S.A.”** promovida por **Don Daniel Moa González**, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- *Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.*
- *Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.*
- *Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.*
- *Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte.(ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1027).- PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA POLO EXCMO. CONCELLO DE VIGO DO USO PRIVATIVO DUN ESPAZO DE 14,97 M2 NA RÚA LUIS SEOANE DE VIGO. EXPTE. 19771/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/08/15 e o de fiscalización do 26/08/15, dáse conta do informe-proposta do 24/08/15, da técnica de Admon. Xeral-xefa da área de Tenencia de Alcaldía conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio que di o seguinte:

***Primeiro.**- O Concelleiro delegado de Patrimonio, en data de 25.06.2015, inicia expediente para concesión de dominio publico de 14,97 m² na rúa Luis Seoane para ocupar cunha escaleira de evacuación do Mercado das Travesas.*

***Segundo.**- Na documentación que consta na Oficina de Patrimonio, resulta que o Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada en data 30.04.1974, aprobou inicialmente o proxecto técnico para a construción do Mercado Municipal de As Travesas redactado polo arquitecto municipal E.A.; o 30.10.1974 a Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo o aprobou definitivamente constando que a superficie a ocupar en planta polo mercado era de 1.490 m²; tres anos despois, en data de 31.05.1977, o Concello Pleno, previa á obtención dos terreos necesarios mediante a cesión polos seus propietarios de dúas parcelas dunha superficie total de 6.441,88 m² a cambio de determinada edificabilidade no "Estudo de Detalle La Florida", aprobou o Prego de Condicións Eco.-Advas. que rexería no contrato para a execución da obra proxectada establecendo un tipo de licitación de 37.855.364 pesetas; o procedemento foi declarado deserto ao non presentarse proposicións polo que en data 29.11.1978 aprobouse un novo proxecto reformado fixándose o importe de licitación en 52.776.515.- pesetas; en data 30.12.1978 o Pleno adxudicou contrato de obra na cantidade de 47.500.000.- pesetas, as obras concluíron no ano 1980.*

***Terceiro.**- Trece anos despois, en data 30.11.1993, co propósito de procurar unha maior participación dos titulares dos postos venta na xestión dos Mercados Municipais, o Concello*

Pleno modificou a forma de xestión e explotación de tal servizo público que ata entón realizábase mediante xestión directa a través de concesións demaniais dos postos de venda minorista, e acordou para os Mercados do Berbés, Bouzas, O Calvario, Progreso, As Travesas e Teis a súa xestión e explotación indirecta mediante unha concesión de servizo público a cada un deles; no PCAP para a adxudicación de tales concesións establecíase como criterio prioritario (25 puntos) o feito de que o concursante estivera constituído nunha "Asociación de Vendedores en Mercados Municipais".

En sesión de data 31.08.1994, a "Asociación de Empresarios del Mercado de las Travesas" (en adiante AEMT) resultou adxudicataria da concesión da xestión e explotación do servizo público do mercado no Mercado das Travesas por un prazo de 25 anos computado a partires da notificación do acordo, feito que tivo lugar en data de 21.09.1994 polo que cabe concluir que a AEMT é a responsable do servizo público citado ata o 21.09.2019 sen prexuízo da prórroga prevista na Cláusula III do PCAP (automática por períodos de cinco anos ata un máximo de cinco agás se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oito meses á data do respectivo vencemento) .

Na Condición II do PCAP indícase: "A totalidade das edificacións e instalacións de propiedade municipal existentes no mercado no momento de outorgamento da concesión cédenselle en uso no seu estado actual procedéndose no momento da formalización da concesión en documento administrativo ou notarial a súa entrega ao concesionario"; pola a súa parte a Condición IV.I.i) sinala que o concesionario estará obrigado a, "Realizar pola a súa conta as obras de reparacións, de conservación e de mantemento no inmovible, superficies e espazos de utilización común ... Non poderá o concesionario realizar obras de primeiro establecemento, reforma ou reparación que afecten ao inmovible e espazos de utilización común sen previa autorización do Pleno Municipal, se ben de autorízalas serán por conta do concesionario sen dereito a indemnización".

Cuarto.- *Nove anos despois, con data de Rexistro de Xeral de Entrada do 24.10.2003, a AEMT presenta "Proyecto de Refuerzo de Estructura y Nueva Estructura en el Mercado de Traviesas, Iª fase" e solicita do Pleno a autorización das obras (Expte. 16.672/240); en data de 17.12.2003 o arquitecto municipal de Patrimonio informa favorablemente o proxecto presentado; o 29.01.2004 a Xefatura de Patrimonio eleva proposta de acordo á Xunta de Goberno Local no sentido de, "Autorizar á AEMT a realización da Iª fase das obras de reforma do Mercado Municipal das Travesas consonte proxecto de remodelación do edificio ... redactado polo arquitecto R.S.S. en decembro de 2002 e visado polo COAG en data 24.10.2003 e de conformidade co disposto no Prego de Condicións Administrativas aprobado polo Pleno municipal en data 30.11.1994 (sic)"; en data de 9.02.2004 a Xunta de Goberno Local aproba a proposta formulada pola Xefatura de Patrimonio e autoriza as obras que obteñen licenza da XMU no expediente 48342/421.*

Quinto.- *En data de 31.10.2003 a AEMT, en uso da súa facultade de explotación do servizo público de mercado, subscribe coa mercantil MERCADONA S.A. contrato de arrendamento de local, tal contrato ten coma finalidade a instalación dun supermercado/autoservicio no andar primeiro do edificio de mercado que dinamice a actividade e a rendibilidade dos postos de venda detallista que se manteñen na planta baixa.*

Sexto.- *Con data de 21.07.2004 (Expte. 17.221/240) a AEMT, ante as necesidades demandadas pola mercantil MERCADONA S.A., presenta na XMU planos plantas, alzados*

e sección (redactados polo arquitecto R.S.S. e visado COAG 15.07.2004) modificando o proxecto anteriormente presentado; con respecto á evacuación do andar primeiro indícase: "La planta primeira dispone de dos salidas de evacuación una de las salidas ... conduce a una escalera protegida, compartimentadas en cada planta mediante puertas RF; la otra salida conduce directamente a una **escalera exterior**".

Con data 20.08.2004 a arquitecta da XMU remite á Oficina de Patrimonio para o seu informe os planos reformados das obras de remodelación ao proponer estes a instalación dunha **escaleira exterior**.

O 5.10.2004 a Xefatura de Patrimonio solicita do arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio informe sobre os planos reformados remitidos pola XMU.

En data de 21.03.2005 a arquitecta municipal da Oficina Técnica de licenzas informa, "As obras de ampliación de superficie non serían permisibles, neste momento, xa que a edificación supera a edificabilidade media prevista pola Ordenanza. O novo casetón para os montacargas excede do gálibo máximo de cuberta. En canto as modificacións dos accesos e a construción dunhas **escaleiras exteriores** de evacuación sería permisibles se estas se realizaran sobre a propia parcela do mercado".

En data 2.05.2005 (Doc. 50108254) a AEMT presenta Anexo á Memoria e planos modificados visados o mesmo día sinalando o non aproveitamento da totalidade do espazo existente no baixo cuberta de forma que a superficie total da planta se reduce a 806,75 m², así mesmo xustifica a necesidade de dispoñer de dous aparatos montacargas para o uso exclusivo do supermercado.

En data 15.07.2005 a arquitecta municipal de licenza de obras emite novo informe sinalando, "(...) as obras de ampliación das plantas serían permisibles ca eliminación de parte do aproveitamento baixo cuberta ao non modificar a superficie construída total que foi autorizada na licenza de remodelación (...)"; así mesmo en relación aos casetóns dos montacargas informa, "(...) soamente serían autorizables se fosen instalacións imprescindibles para o desenvolvemento da actividade do mercado; finalmente, en canto a construción dunhas **escaleiras de evacuación** manifesta, "serían permisibles se estas realizáranse sobre a parcela".

En data de 3.10.2005, un ano despois da petición de informe instada polo xefe de Patrimonio, o arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio advirte

que, a **escaleira exterior** do Mercado das Travesas sobrevoa terreos alleos á parcela de concesión do mercado.

En data 10.10.2005 a AEMT, cumprimentando xustificación requirida no informe de data 15.07.2005, presenta novo "Anexo a la Memoria" manifestando que no expediente 48342/421 (licenza para a rehabilitación do edificio) figuraban, ademais do casetón dos ascensores, un novo casetón, situado na fachada lateral, para un montacargas que uniría tódalas plantas do edificio desde o soto, tamén en tal Anexo se indica, "(...) posteriormente, a instalación dun supermercado na planta primeira do edificio, trouxo consigo a necesidade de dispoñer de dous grandes montacargas para uso exclusivo deste establecemento, necesidade que ven xustificada por, (I) a ubicación deste establecemento (supermercado) na planta primeira; (i) a mesma superficie do establecemento; (iii) o feito de dispoñer dun espazo anexo na planta baixo cuberta.

En data 11.10.2005 incoase expediente de protección da legalidade urbanística pola execución sen licenza de obras (Expediente 13.013/423), neste expediente non existen mais trámites.

En data 26.10.2005 o arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio informa que a planta de aproveitamento baixo cuberta ocúpase cun supermercado con aumento substancial sobre a superficie autorizada.

Sétimo.- O 2.02.2006, á vista dos informes técnicos emitidos, o Concelleiro Delegado de Patrimonio incoa expediente sancionador en materia patrimonial á AEMT (Expte. 17608/240) pola presunta comisión de infracción moi grave tipificada no apartado 2 da Cláusula XIII do PCAP (realización de obras sen licenza municipal). En data 28.11.2006 a AEMT presenta alegacións a tal expediente manifestando que a licenza relativa ao modificado das obras de remodelación de data 21.07.2004 foi outorgada por silencio administrativo. En data 26.02.2007 se desestiman as alegacións e resólvese o expediente impoñéndose á AEMT unha sanción de 4.219.- euros coma consecuencia de infracción tipificada coma moi grave no nº 11 do apartado 2 da Cláusula XIII do PCAP, no mesmo acordó requírese da AEMT a demolición das obras executadas, debendo axustar o edificio ás obras previstas no proxecto de remodelación redactado polo arquitecto R.S.S. e autorizado pola Xunta de Goberno Local o 9 de febreiro de 2004. Contra tal resolución foi interposto recurso de reposición que foi estimado pola Xunta de Goberno Local en reunión de data 17.04.2007 declarando a caducidade do procedemento sancionador instruído e o arquivo das actuacións. En data 19.10.2007, ao non atoparse prescrita a infracción, o Concelleiro Delegado de Patrimonio acorda incoar, polos mesmos feitos, un novo expediente sancionador á AEMT (Expte. 18187/240), non constan mais trámites polo que tal expediente debe entenderse caducado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAP).
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia
- RDL 3/2011 de 14 novembro, do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

II.- Natureza do espazo público ocupado pola escaleira

Segundo a Subcarpeta I dos traballos previos do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, o Mercado Municipal das Travesas (Norte, rúa Luís Seoane; Sur, rúa Médico José Mato e Camino de Espedrigada nº 9 e 11; Leste, rúa Médico José Mato nº 18 e Oeste, Camino de Espedrigada) atópase identificado no epígrafe "Bens Inmóbles" co número 1/134; ocupa unha superficie en planta baixa de 1.445 m² e ten unha superficie total construída de 5.435 m².

No vento norte, na rúa Luís Seoane, en virtude dos planos reformados presentados en data 21.07.2004, aínda que sen licenza ou título xurídico que a ampare, atópase unha escaleira exterior metálica de evacuación con dúas mesetas que, sobrevoando tal fachada, transcorre desde a vía pública ata o primeiro andar do edificio supoñendo a súa proxección sobre o terreo (vía pública) **unha ocupación de aproximadamente 14,97 m² (1,38 x10,85)**. Tal ocupación, aínda sendo anormal ao non ser conforme co destino principal do ben de que se trata (vía pública cuxo principal destino é facilitar o tránsito peonil) é inocua para os intereses municipais pois tal tránsito, en tan exigua distancia, non resulta substancialmente afectado. Así se manifesta o enxeñeiro da edificación no seu informe de data 26.06.2015, sinalando que non incide sobre a circulación nin das persoas nin dos vehículos.

A existencia de tal escaleira ten a súa orixe e razón de ser no cumprimento axeitado e cauteloso da normativa sectorial contra incendios que no seu día, no momento da presentación dos planos reformados, atopábase determinada pola NBE CPI-96 e que hoxe ten o seu fundamento no Documento Básico de Seguridade en caso de Incendios, DB-SI do Código Técnico da Edificación aprobado por Real Decreto 314/2006 de 17 de marzo, que no apartado 11.3 do artigo 11, referíndose a Esixencia básica SI 3: Evacuación de ocupantes, sinala: "O edificio dispoñerá dos medios de evacuación axeitados para facilitar que os ocupantes podan abandonalo ou alcanzar un lugar seguro dentro do mesmo en condicións de seguridade".

Nos informes técnicos que constan na documentación remitida emitidos polos arquitectos municipais da Oficina de Patrimonio e de Oficina Técnica de Licenzas da XMU advirten repetidamente que tal construción "sobrevoa terreos alieos á parcela de concesión do mercado" e que a escaleira "sería permisible se se realizara sobre a propia parcela do mercado".

Nada que obxectar aos informes técnicos emitidos pois non se pode poner en cuestión o carácter de dominio público do espazo sobre o que se proxecta e descansa a escaleira (rúa Luís Seoane), non obstante a solución xurídica á problemática formulada resulta pacífica e sinxela non sendo necesario que a escaleira se levante sobre a propia parcela do Mercado.

III.- Réxime xurídico e Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo do espazo de 14,97 m² na rúa Luís Seoana

Con carácter xeral, están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos, art 4.1 letra "o" TRLCAP, as concesións sobre bens de dominio público.

As concesións sobre bens de dominio público, rexíranse, de conformidade co previsto no artigo 84.3 LPAP, precepto de aplicación básica, en primer lugar, pola lexislación especial reguladora daquelas e, a falta de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta lei.

É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP).

No presente caso, a cesión do espazo de vial residual ocupado pola escaleira a prol da AEMT, constitúe un uso privativo dun ben demanial pertencente a esta administración municipal, que conseguintemente suxétase ó réxime xurídico previsto no ordenamento para

o outorgamento das concesións administrativas de dominio, e en concreto a regulación contida no capítulo 1º do título II da Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e no capítulo IV do Título I do Real Decreto 1372/86 do Regulamento dos Bens das Entidades Locais.

O Regulamento de Bens das Entidades Locais ten previsto, artigo 75. 2º, xunto ao uso común de tales bens, o uso privativo dos mesmos entendendo por este "o constituido pola ocupación dunha porción del dominio público de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados". O artigo 78.1. a) do mesmo texto legal sinala que estarán suxeitos a concesión administrativa o uso privativo de bens de dominio público, en similar sentido se pronuncia o artigo 86.3 da LPAP; o artigo 79 advirte que as concesións sobre tales bens non poderán outorgarse por un prazo superior a noventa e nove anos e o artigo 80 sinala as cláusulas mínimas con arranxo ás cales debe outorgarse ditas concesións.

O prego contén as cláusulas necesarias reseñadas no art 80 RBEL.

De conformidade co previsto nos artigos 93.4 LPAP o canon pola ocupación do espazo público calcúlase polo enxeñeiro da edificación en 78,56 euros/ano.

En conclusión, nada en dereito impide que o Concello de Vigo co ánimo de conciliar os seus intereses e os de AEMT; na condición de concesionario do servizo público de mercado no Mercado das Travesas que ostenta a AEMT; co propósito de conxugar a seguridade física das persoas e dos usuarios do mercado -ben xurídico de primeira orde- eos dereitos patrimoniais municipais, acorde outorgar a tal entidade unha concesión de dominio público para o uso privativo (ocupación exclusiva) dunha superficie de 14,97 m2 de vía pública na rúa Luís Seoane ao obxecto de que sobre tal ocupación -que non xera prexuízos ao interese público nin a tercelros- o concesionario, é dicir a AEMT, proceda á instalación dunha escaleira metálica de evacuación que sobrevoe a fachada norte da edificación desde a rúa ata o primeiro andar. Tal concesión específica de dominio é allea e non afecta ao contrato de xestión de servizos públicos outorgado á AEMT en data 31.08.1994 polo que non supón modificación do mesmo.

A concesión de dominio constituirá título xurídico suficiente para posibilitar a "legalización" de tal instalación (art 84.1LPAP); sen prexuízo da aprobación do proxecto correspondente no que se recollan as obras realmente executadas e o seu axuste á normativa vixente.

IV.-Procedemento e forma da adxudicación

Para o outorgamento da concesión administrativa como título habilitante para o uso privativo de dominio público, a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, por remisión do disposto no apartado 2 do art 7RBEL, no seu artigo 93.1 dispoñe que o "Outorgamento de concesións sobre bens de dominio público efectuaráse en réxime de concorrencia. Non obstante, podera acordarse o outorgamento directo nos supostos previstos no artigo 137.4 desta lei, cando se dean circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, ou noutros supostos establecidos nas leis".

Neste senso, o artigo 137.4 autoriza a concesión directa cando a "venta", neste caso concesión, se efectúe a prol de quen ostente un dereito de adquisición preferente recoñecido por disposición legal, letra "h", ou na "letra i", cando por razóns excepcionais se considere conveniente efectuar a "venta" a prol do ocupante do inmovible. Dadas as condicións preexistentes, e realidade fáctica e legal, en canto o propio Pleno do Concello en data 31.08.1994 acordou ceder o edificio municipal do Mercado Municipal das Travesas á

AEMT, na súa de concesionario do servizo público, e ocupante actual do inmovible, e a necesidade xustificada nos informes técnicos da escaleira metálica como vía de evacuación, resulta axeitada a concesión directa do espacio ocupado pola escaleira.

V.- Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

A concesión que no seu caso se acorde terá efectos unha vez sexa aceptada en tódolos seus termos polo órgano de goberno da AEMT.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o Prego de cláusulas administrativas que rexerá a concesión administrativa do uso privativo dun espacio de 14,97 m2 na Rúa Luis Seoane.*

Segundo.- *Someter á información pública polo prazo de trinta días o prego de cláusulas administrativas aprobados.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1028).- SOLICITUDE DE PAGAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS FORMULADA POLO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. OSCAR COUCE SENRA. EXPTE. 26204/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/02/15 e o de fiscalización do 23/03/15, dáse conta do informe-proposta do 11/03/15, da xefa do servizo de RR HH conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 02/02//2015 (documento administrativo nº 150012937) o funcionario D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, Técnico de Xestión, adscrito a Dirección de Ingresos solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de imputado- nas dilixencias previas-procedemento abreviado nº 5998/2011, seguidas no Xulgado de Instrucción nº 8 de Vigo, tendo sido dictados Auto de 17/07/2014, de sobreseimento provisional e arquivo das actuacións, entre os que se sinala expresamente a D. Oscar Couce Senra, e Auto de data 27/11/2014 polo que se desestima o recurso interposto e confirma en todos os seus extremos o auto de 17/07/2014.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de **1.909,91 euros**, aportándose a tal efecto facturas emitidas por:

Avogado: D. Daniel Arquero García, con NIF 36.134.903-V, por un importe de 1.573,00 euros.

Procuradora: D^a M^a Dolores Cobas González, con NIF 36.120.641-S, por importe de 336,91 euros.

3.- Incorporase ao presente expediente administrativo informe de data 18/02/2015, da titular da Asesoría Xurídica Municipal.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 13 de maio, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan se se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou neglixencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competenciais relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 922002269901 “Indemnizacións a cargo do Concello” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 29.07.2014, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ó funcionario D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389, Técnico de Xestión, adscrito a Dirección de Ingresos como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de imputado- nas dilixencias previas-procedemento abreviado nº 5998/2011, seguidas no Xulgado de Instrucción nº 8 de Vigo, tendo sido dictados Auto de 17/07/2014, de sobreseimento provisional e arquivo das actuacións, entre os que se sinala expresamente a D. Oscar

Couce Senra, e Auto de data 27/11/2014 polo que se desestima o recurso interposto e confirma en todos os seus extremos o auto de 17/07/2014.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **1.909,91** euros, segundo as facturas emitidas por:

Avogado: D. Daniel Arquero García, con NIF 36.134.903-V, por un importe de 1.573,00 euros.

Procuradora: D^a M^a Dolores Cobas González, con NIF 36.120.641-S, por importe de 336,91 euros.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 922002269901 "Indemnizacións a cargo do Concello" dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo o interesado, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1029).- RECLAMACIÓN PREVIAS A VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN CONCEPTO DE CANTIDADES CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS) PRESENTADAS POR D^a MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. EXPTE 26909/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da área de Réxime Interior do 28/08/2015 conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

"ANTECEDENTES:

1.- En escritos de datas 24/04/2015 (documento nº 150048575) e 17/07/2015 (documento nº 150095172) D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-N, presenta reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas sociosanitarias 2015-1^a fase, tendo presentado solicitude ao efecto.

2.- En sesión de data 31/01/2014, a Xunta de Goberno Local acordou:

"**Primeiro.-** Declarar o cese dos vínculos contractuais laborais do persoal laboral indefinido por resolución xudicial firme relacionados en informe técnico de data 17/12/2013, nos termos e condicións do informe emitido ao expediente administrativo nº 24.698/220 e do informe-proposta que antecede, unha vez rematados os procesos selectivos para a provisión de 1 praza de Técnico medio de Servizos Económicos (subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial) e 13 prazas (1 quenda libre) de Administrativo/ de

Administración Xeral (subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral), concretándose os ditos vínculos no persoal seguinte:

-D^a Susana González Torres, con nº de persoal 78.536: Categoría profesional recoñecida por sentenza de “Técnico de Xestión Económica”, subgrupo A2.

-D^a Mónica López-Coronado Carnero, con nº de persoal 77.467: Categoría profesional recoñecida por sentenzas xudiciais firmes de Técnico Medio-Técnico de Xestión Económica, Subgrupo A2.

-D^a Belén Pérez Freire, con nº de persoal 77.991: Categoría profesional recoñecida por sentenza xudicial firme de Oficial Administrativa, Subgrupo C1 (equiparable a Administrativo de Administración Xeral, Subgrupo C1).

Segundo.- *Dispoñer que o cese do dito persoal terá efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da notificación ou publicación do presente acordo, e en todo caso, da data de toma de posesión dos funcionarios de novo ingreso con cargo a 1 praza vacante de Técnico/a medio de Servizos Económicos (quenda libre) e 1 Administrativo/a de Administración Xeral (quenda libre) ofertados nas OEPs 2010 e 2011 do Concello de Vigo.*

Terceiro.- *Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Promoción Económica e Emprego, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior (Xefatura e técnico de planificación e organización); Negociados de Seguridade Social e Xefatura de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego aos efectos oportunos.”*

3.- *Solicitado informe á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) en data 08/05/2015 e 28/07/2015 a Secretaria da mesma emite informe no cal se sinala que:*

“Esta comisión en xuntanza celebrada o 27-04-2015 acordou ratificarse no acordo tomado o día 05-03-2015 de denegar esta petición, toda vez que segundo os datos que figuran no noso poder non figura no cadro de persoal, requisito para acceder a ditas axudas.

En canto o apartado sexto da súa reclamación, esta comisión non ten constancia destes feitos.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- *En canto ao obxecto da reclamación previa en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) que conforma o fondo do asunto, debe considerarse que o*

artigo 8 do Regulamento rector do FAS establece, en canto aos beneficiarios das axudas do mesmo e ao procedemento de xestión das solicitudes, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

Resulta ser a Comisión Xestora a que ostenta as competencias, en virtude da norma regulamentaria, para a avaliación e proposta das solicitudes presentadas.

Así o establece o artigo 9, cando sinala que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a **Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal.** En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

III.- Así mesmo, o Xulgado do Social nº 2-Reforzo de Vigo, con data 28/07/2015, dictou sentenza nº 504/2015, no procedemento 845/2014, sendo demandante a interesada en materia de cantidades (fondo social do ano 2013), na que se desestima a demanda presentada pola Sra. López-Coronado Carnero, e no feito 2.- declarase probado que: “A demandante cesou na súa relación laboral co Concello de Vigo o día 05/02/2014 (feito non controvertido). En consecuencia dado que a convocatoria de ditas axudas socio-sanitarias 1ª fase 2015, foi aprobada en data 02/02/2015 pola Xunta de Goberno Local, a interesada non reunía os requisitos regulamentariamente establecidos para dispoñer da condición de beneficiaria do FAS, como neste caso sería dispoñer da condición legal de persoal laboral indefinido do Concello de Vigo na data de inicio do período de presentación de solicitudes (iniciado o 03/02/2015 e rematado o 04/03/2015), polo que procede desestimar as reclamacións previas presentadas.

IV.- ÓRGANO COMPETENTE

Está residenciada a competencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- PROPOSTA DE ACORDO

*En xusta coherencia coa motivación legal, antecedentes e argumentos xurídicos expostos; pola presente e coa previa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal-Persoal, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:*

Primeiro.- *Desestimar as reclamacións previas á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas sociosanitarias ano 2015, presentadas en escritos de datas 24/04/2015 (documento nº 150048575) e 17/07/15 (documento nº 150095172) por D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-, de conformidade cos informes emitidos pola Secretaría da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social en data 08/05/2015 e 28/07/2015 e nos termos do informe-proposta que antecede e atención á motivación legal contida no mesmo.*

Segundo.- *Notifíquese o presente acordo a interesada, Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, Intervención Xeral Municipal e Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1030).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN COCEPTO DE CANTIDADES CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL (FAS) “AXUDAS ESTUDOS 2014-2015” PRESENTADA POR D^a MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. EXPTE 26990/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da área de Réxime Interior do 28/08/2015 conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En escrito de data 05/08/2015 (documento nº 150102097) D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-N, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas estudos 2014-2015, tendo presentado solicitude ao efecto.*

2.- *En sesión de data 31/01/2014, a Xunta de Goberno Local acordou:*

“Primeiro.- *Declarar o cese dos vínculos contractuais laborais do persoal laboral indefinido por resolución xudicial firme relacionados en informe técnico de data 17/12/2013, nos termos e condicións do informe emitido ao expediente administrativo nº 24.698/220 e do informe-proposta que antecede, unha vez rematados os procesos selectivos para a provisión de 1 praza de Técnico medio de Servizos Económicos (subgrupo A2 de titulación, escala de Administración Especial) e 13 prazas (1 quenda libre) de Administrativo/ de Administración Xeral (subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral), concretándose os ditos vínculos no persoal seguinte:*

-D^a Susana González Torres, con nº de persoal 78.536: Categoría profesional recoñecida por sentenza de “Técnico de Xestión Económica”, subgrupo A2.

-D^a Mónica López-Coronado Carnero, con nº de persoal 77.467: Categoría profesional recoñecida por sentenzas xudiciais firmes de Técnico Médio-Técnico de Xestión Económica, Subgrupo A2.

-D^a Belén Pérez Freire, con nº de persoal 77.991: Categoría profesional recoñecida por sentenza xudicial firme de Oficial Administrativa, Subgrupo C1 (equiparable a Administrativo de Administración Xeral, Subgrupo C1).

Segundo.- *Dispoñer que o cese do dito persoal terá efectos económicos e administrativos do día seguinte ao da notificación ou publicación do presente acordo, e en todo caso, da data de toma de posesión dos funcionarios de novo ingreso con cargo a 1 praza vacante de Técnico/a medio de Servizos Económicos (quenda libre) e 1 Administrativo/a de Administración Xeral (quenda libre) ofertados nas OEPs 2010 e 2011 do Concello de Vigo.*

Terceiro.- *Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, Sr. Concelleiro/a-delegado/a da Área de Promoción Económica e Emprego, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior (Xefatura e técnico de planificación e organización); Negociados de Seguridade Social e Xefatura de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego aos efectos oportunos.”*

3.- *Solicitado informe á Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) en data 14/08/2015 a Secretaria da mesma emite informe no cal se sinala que:*

“Esta comisión en xuntanza celebrada o 13-08-2015 acordou ratificarse no acordo tomado o día 28-05-2015 de denegar esta petición, toda vez que segundo os datos que figuran no noso poder non figura no cadro de persoal, requisito para acceder a ditas axudas.

En canto o apartado quinto da súa reclamación, esta comisión non ten constancia destes feitos.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive– a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- *En canto ao obxecto da reclamación previa en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) que conforma o fondo do asunto, debe considerarse que o artigo 8 do Regulamento rector do FAS establece, en canto aos beneficiarios das axudas do mesmo e ao procedemento de xestión das solicitudes, que:*

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

Resulta ser a Comisión Xestora a que ostenta as competencias, en virtude da norma regulamentaria, para a avaliación e proposta das solicitudes presentadas.

Así o establece o artigo 9, cando sinala que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, **a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal.** En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

III.- Así mesmo, o Xulgado do Social nº 2-Reforzo de Vigo, con data 28/07/2015, dictou sentenza nº 504/2015, no procedemento 845/2014, sendo demandante a interesada en materia de cantidades (fondo social do ano 2013), na que se desestima a demanda presentada pola Sra. López-Coronado Carnero, e no feito 2.- declarase probado que: “A demandante cesou na súa relación laboral co Concello de Vigo o día 05/02/2014 (feito non controvertido). En consecuencia dado que a convocatoria de ditas axudas de estudos 2014-2015 –o curso escolar é de setembro 2014 a xuño 2015- foi aprobada en data 17/04/2015 pola Xunta de Goberno Local, a interesada non reunía os requisitos regulamentariamente establecidos para dispoñer da condición de beneficiaria do FAS, como neste caso sería dispoñer da condición legal de persoal laboral indefinido do Concello de Vigo na data de inicio do período de presentación de solicitudes (iniciado o 18/04/2015 e rematado o 18/05/2015), polo que procede desestimar a reclamación previa presentada.”

IV.- ÓRGANO COMPETENTE

Está residenciada a competencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- PROPOSTA DE ACORDO

*En xusta coherencia coa motivación legal, antecedentes e argumentos xurídicos expostos; pola presente e coa previa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal-Persoal, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:*

Primeiro.- *Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en concepto de cantidades con cargo ao Fondo de Acción Social (FAS) con respecto á axudas estudos 2014-2015 –o curso escolar abarca o período de setembro 2014 a xuño 2015-, presentada en escrito de data 05/08/2015 (documento nº 150102097) por D^a Mónica López-Coronado Carnero, con DNI 36.071.855-, de conformidade co informe emitido pola Secretaría da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social en data 14/08/2015 e nos termos do informe-proposta que antecede e atención á motivación legal contida no mesmo.*

Segundo.- *Notifíquese o presente acordo a interesada, Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, Intervención Xeral Municipal e Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1031).- RECLAMACIÓN PREVIA Á VÍA XURISDICCIONAL LABORAL EN CONCEPTO DE RECLAMACIÓN DE CANTIDADES PRESENTADA POR D. BENJAMÍN GARCÍA CASTRO. EXPTE 26940/220

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 27/08/15, da xefa da área de Réxime Interior conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 07/08/15 (documento nº 150103324) D. Benjamín García Castro, con DNI 34.870.900-W, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (reclamación de cantidades) polos conceptos de diferencias de convenio, 14 días de xullo, vacacións-15 e indemnización fin de contrato.

O reclamante carece de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se somete aos sistemas de control de presenza horaria –obrigatorios para os empregados/as públicos municipais- nin consta na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.

O reclamante manifesta e recoñece que viu prestando servizos no texto da reclamación previa ter mantido e/ou manter un vínculo contractual laboral coa empresa “IMA Productos Técnicos S.L.”.

2.- Visto o escrito indicado, foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informe de data de sinatura 12/08/2015 e que obra incorporado ao presente

expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- *En canto ao obxecto da reclamación de cantidades, dereito á percepción conceptos de diferencias de convenio, 14 días de xullo, vacacións-15 e indemnización fin de contrato que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

III.- *No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 12/08/2015 sinálase literalmente que:*

“En canto a reclamación de D. Benjamín García Castro, por parte deste departamento infórmase que a nosa única relación coa empresa “IMA Productos Técnicos SL” foi a de adxudicar os “Traballos de albanería no Parque do Castro” por ser a oferta máis económica en prezo/hora, ignorando calquera tipo de relación no que se refire a convenios, salarios, etc, que poidan existir entre dita empresa e os seus traballadores.”

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre a reclamante –que, en toda caso, tería a condición de persoal da empresa á cal prestaba ou presta servizos- e o Concello de Vigo. debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicada e o reclamante, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns, segundo se detalla no informe do de data 12/08/2015, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

IV.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que **“á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante”** (apartado 4).

V.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser **desestimada**.

VI.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

“Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (recoñecemento de cantidades) formulada en escrito de data 07/08/15 (documento nº 150103324) D. Benjamín García Castro, con DNI 34.870.900-W, por non ter ningún tipo de vinculación xurídica co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de dat a12/08/2015 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1032).- GRATIFICACIÓN DE SERVIZOS EN DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNOS DO PERSONAL DE DIVERSOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE XULLO 2015. EXPTE 26928/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/08/15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH conformado pola xefa de área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“Distintos servizos e unidades municipais remitiron ao servizo de Recursos Humanos relación dos domingos, festivos e nocturnidade correspondentes ao mes de Xullo de 2015, todas elas co visto e prace dos Concelleiros-Delegados de cada servizo.

As instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixente na actualidade no seu apartado cuarto, letra a), establece que aboaranse ós traballos realizados en horas nocturnas, entre as 22'00 e 7'00 horas, cun recargo por hora traballada de 2'72 €/hora, no

seu apartado letra b), establece que aboaranse os traballos realizados en sábados, domingos ou festivos, cun recargo por hora de 4,02 €.

A distribución por servizos dos gastos orixinados polos conceptos de festividade e nocturnidade é :

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xullo	126,00	506,52	48,00	130,56	637,08
Extinción Incendios	Xullo	2.893,00	11.629,86	989,00	2.690,08	14.319,94
Policia Local	Xullo	5.726,30	23.019,78	11.527,08	31.353,67	54.373,45
Cemiterios	Xullo	420,50	1.690,41	0,00	0,00	1.690,41
Parque Móbil	Xullo	16,00	64,32	219,00	595,68	660,00
Turismo	Xullo	133,00	534,66	0,00	0,00	534,66
Parque Central	Xullo	192,00	771,84	279,00	758,88	1.530,72
Museo	Xullo	45,75	183,92	0,00	0,00	183,92
Limpeza	Xullo	0,00	0,00	582,00	1.583,04	1.583,04
TOTAIS		9.552,55	38.401,31	13.644,08	37.111,91	75.513,22

As relacións de persoal propostas para o aboamento en concepto de gratificacións por nocturnidade e/ou festividade contidas no expediente pertencen aos servizos de Alcaldía, Extinción de Incendios, Policía Local, Cemiterios, Parque Móbil, Turismo, Parque Central, Museo, Limpeza.

Nos informes que forman parte do expediente, asinados polas xefaturas e concellerías de área correspondentes figuran Servizo, Numero de persoal, Nome do empregado, data e franxa horaria que dan lugar ao aboamento en concepto de gratificación dos recargos de festividade e nocturnidade, total de horas nas que cada empregado municipal desempeñou as súas funcións en xornada festiva ou horario nocturno e total a retribuir, segundo as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos.

No caso dos policías-seguridad de Alcaldía, amais da relación de datas e franxa horaria, dito recargo se corresponde co desempeño das funcións propias e habituais do posto Conductor de Alcaldía.

Extinción de Incendios.- Os recargos por festividade e nocturnidade propostos corresponde ao exceso de xornada realizado polo persoal relacionado, derivadas de diversas actuacións e intervencións en distintos siniestros así como horas de asistencia ao xulgado, fora da xornada habitual de traballo, segundo fai constar o subxefe do servizo no seu informe, conformado polo Concelleiro da Área, de data 06/08/2015.

Proponse o aboamento de gratificación por festividade ao persoal relacionado do servizo de cemiterios xa que, os cemiterios municipais atópanse abertos sábados, domingos e festivos, e deben dispor da presenza do persoal municipal.

Parque Móbil.- en informes de data 01/08/2015, o xefe do Parque Móbil remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, informe sobre horario de execución das mesmas que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Turismo.- tal e como se recolle no informe da Xefa de Turismo, co conforme do Concelleiro delegado da Área, de data 07/08/2015, no que se informa do horario de funcionamento do Centro de Recepción de Visitantes adscrito a dito servizo, con horario ininterrumpido de luns a domingos entre as 10,00 e as 17,00 h, polo que corresponde o aboamento ao persoal proposto, do recargo en concepto de festividade.

Parque Central.- Con data 03/08/2015, o xefe da Área de Servizos Xerais remite, conformado pola xefatura da Área e o Concelleiro delegado, remite informe sobre horario de execución das tarefas de vixancia que orixinan o aboamento dos recargos de festividade e nocturnidade.

Museos.- O aboamento dos recargos por festividade ao persoal do Servizo de Museos correspóndese co horario de apertura ao público de ditas instalacións e a imprescindible presenza do persoal municipal.

Limpeza.- Propónse o aboamento ao persoal do servizo, en concepto de nocturnidade, polo desenvolvemento de funcións de inspección contratadas de limpeza en horario fora da xornada laboral, considerado nocturno (22:00 a 24:00h e 5:45 a 6:45 h).

Inclúese no presente expediente relación de persoal do Servizo da Policía Local ao que lle corresponde o aboamento dos recargos por festividade e nocturnidade, polo desempeño das súas funcións segun turnos de traballo (cuadrante), exceso de xornada ou asistencia a xulgados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada pola lei 27/2013, de 27 de decembro e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Xullo	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontan Balbuena, Camilo	506,52	130,56	637,08
Extinción Incendios	Xullo	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto	11.629,86	2.690,08	14.319,94
Policía Local	Xullo	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Villar Silva, Aida	23.019,78	31.353,67	54.373,45
Cemiterios	Xullo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.690,41	0,00	1.690,41
Parque Móbil	Xullo	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	64,32	595,68	660,00
Turismo	Xullo	De Barreiro Fidalgo, Natalia a García Oliveira, M ^a José	534,66	0,00	534,66
Parque Central	Xullo	De Arias Rodríguez, Dámaso a Oliveira Quintas, Manuel	771,84	758,88	1.530,72
Museo	Xullo	De Ogando López, José Manuel a Román Breijo, Manuel	183,92	0,00	183,92
Limpeza	Xullo	De Alvarez Escudero, Favio a Vila Ibañez, Raúl	0,00	1.583,04	1.583,04
TOTAIS			38.401,31	37.111,91	75.513,22

importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 75.513'22 €, con cargo a partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1033).- DÁSE CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL-PERSOAL:

A) REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a M MERCEDES SOTELO VÁZQUEZ. EXPTE 26942/220

Dáse conta do informe-proposta do 27/08/15, da xefa da área de Réxime Interior conformado polo secretario de Admon. Municipal que di o seguinte:

“A medio de escrito de data 06/08/2015 (doc. nº 150102856), D^a M^a Mercedes Sotelo Vázquez, con NIF 36.119.708-W e núm de persoal 78967, ordenanza-porteiro, adscrita ao Servizo de Bibliotecas, solicita se lle conceda unha redución de xornada de un unha hora, repartida na entrada e saída, por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, dende o 16 de setembro de 2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 20/08/2015 pola xefatura do Servizo de Cultura e Bibliotecas, infórmase favorablemente dita petición, toda vez que o servizo queda cuberto.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a M^a Mercedes Sotelo Vázquez, con NIF 36.119.708-W e núm de persoal 78967, ordenanza-porteiro, adscrita ao Servizo de Bibliotecas unha redución de xornada de unha hora (repartida entre a entrada e a saída coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, dende 16/09/2015.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Cultura e Bibliotecas, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 27/08/15 resolve de conformidade coa precedente proposta.

B) REDUCCIÓN DE XORNADA DE D^a MARTA ALONSO POSADA. EXPTE 26921/220.

Dáse conta do informe-proposta do 27/08/15, da xefa da área de Réxime Interior conformado polo secretario de Admon. Municipal que di o seguinte:

“A medio de escrito de data 29/07/2015 (doc. nº 150099646), D^a Marta Alonso Posada, con DNI nº 36.138.135-Y e nº persoal 79396, administrativa, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, solicita se lle conceda unha redución de xornada de un unha hora e corenta e cinco minutos por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, dende o 1 de setembro de 2015.

O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

Con data 20/08/2015 pola xefatura do Servizo de Participación Cidadá, infórmase que non se formula ningunha obxección ao mesmo.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmedia- ta do persoal municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal-Persoal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 19 de xuño de 2015, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Único.- Autorizar a D^a Marta Alonso Posada, con DNI nº 36.138.135-Y e nº persoal 79396, administrativa, adscrita ao Servizo de Participación Cidadá unha redución de xornada de unha hora e corenta e cinco minutos coa correspondente redución de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, dende 01/09/2015.

A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura do Servizo de Participación Cidadá, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local.”

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal en data 27/08/15 resolve de conformidade coa precedente proposta.

13(1034).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 24.506 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL CORRESPONDENTES A ABRIL DE 2015. EXPTE. 689/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/08/15, dáse conta do informe-proposta do 10/08/15, da xefa do servizo de Transportes conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

“Na data 14 de maio de 2015 foi formulado informe -proposta por este servizo en relacion coas facturas presentadas por Interparking Hispania S.A. Correspondentes aos servizos prestados no aparcamento sito na praza de Portugal durante o mes de abril do presente ano .

Remitido o expediente a Intervención Municipal foi emitido informe polo Viceinterventor na data 29 de maio de 2015 no que manifesta que a Xunta de goberno local non e o Órgano ao que corresponden os recoñecementos pola vía de compensación.

Avista do contido do citado informe formulase un novo informe proposta co seguinte contido :

“En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”. En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que “INTERPARKING HISPANIA, S.A” asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil “INTERPARKING HISPANIA, S.A” a continuar prestando o servizo nas

mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con numero 429/449 en tramite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

ABRIL 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FE5015000007	5.445,00 €	11/05/15	150057228
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE5015000008	19.061,00 €	11/05/15	150057229

Con data 13 DE MAIO DE 2015 , doc. nº 150059284 Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de ABRIL 2015 un total 42.362,43 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 24.506,00 € (funcionamento ordinario parking ABRIL 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking ABRIL 2015 : 19.061,00 €).

Realízanse axustes por importe de +19.448,03 € que se explican no documento de data 13 DE MAIO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 37.304,46 € en vez dos 17.856,43 € que procedería ingresar (doc. 150059284 nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
ABRIL	37.304,46 €	12 DE MAIO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que “para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases “O” de recoñecemento da obriga ou “P” de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada.”

Non obstante, o Tesoureiro informa que: “(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producírase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)”.

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)”.

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE ABRIL DE 2015 por un importe total de 24.506 € e con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,

PRIMEIRO : Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo importe total de 24.506 € (ive engadido) correspondente a :

ABRIL 2015 : importe 24.506 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 19.061 €)

SEGUNDO :Instar do órgano municipal competente que o pago da obriga derivada do contido do apartado primeiro e de conformidade cos informes obrantes no expediente realícese mediante compensación ."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1035).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.